



***Convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no contexto das actuacións para o fomento da lectura en centros escolares, pola que se incentiva o funcionamento de Clubs de Lectura en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que acollan ensinanzas de educación secundaria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial. Curso 2010-2011.***

Segundo o recollido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debe prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que se nomean o fomento da lectura e o uso das bibliotecas.

No desenvolvemento curricular da Comunidade Autónoma contéplase a obrigatoriedade dos centros educativos de incorporar ao seu Proxecto Educativo un Proxecto Lector de Centro que integre as actuacións destinadas ao fomento da lectura e da escritura, e á adquisición das competencias básicas. Os centros educativos deberán tomar decisións que permitan a formación de lectoras e lectores competentes, e a creación e consolidación do hábito de lectura. Deberán facilitar, así mesmo, o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

Unha das fórmulas de maior interese para o fomento do hábito da lectura, en xeral, e entre os adolescentes en particular, é a posta en marcha dun club de lectura, porque inclúe varias das condicións necesarias para motivar aos lectores e lectoras destas idades: a posibilidade de comunicación cos seus iguais e a oportunidade de compartir gustos, inqedanzas, significados, emocións e opinións sobre as súas lecturas. Esta práctica de socialización e creación de comunidades de intereses, ao redor dos libros e da lectura, está avalada por resultados moi positivos na creación de ambientes lectores nos centros, coa participación nalgúns casos de pais, nais, e outros membros da comunidade escolar.

Poñer en marcha un club de lectura nun centro educativo consiste, basicamente, en promover a participación dun grupo de rapaces e rapazas para compartir as súas experiencias lectoras, coa mediación dun adulto que conduza todo o proceso. O espazo natural para o club de lectura é a biblioteca escolar, e os tempos axeitados para a súa celebración dependen das posibilidades de cada grupo (recreos ou tempos non lectivos), resultando imprescindible a implicación persoal do profesorado dadas as especiais características desta actividade. O número de integrantes non debe ser excesivo. A utilización das técnicas de información e comunicación e algunhas das chamadas ferramentas da web 2.0 (blogues ou foros) poden enriquecer a actividade, contribuír á lectura en diversos soportes e facilitar a difusión das súas propostas entre a comunidade educativa.

Os excelentes resultados de anteriores convocatorias desta consellería en apoio dos clubs de lectura en ensino secundario, que se puxeron de manifesto nas *xornadas de clubs de lectura* celebradas ata o momento, así como nas actividades e valoracións recollidas nas memorias



presentadas polos clubs de lectura, levan a esta dirección xeral a continuar esta liña de fomento da lectura.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura, dispón:

#### **Apartado 1: Obxecto.**

Apoiar a creación de clubs de lectura en centros educativos de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acollan alumnado de ensino secundario, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, mediante a asignación dunha contía para a posta en marcha desta actividade. O club de lectura deberá ter funcionamento ao longo de todo o curso 2010/2011 e a súa finalidade será a de fomentar hábitos de lectura entre os participantes e contribuír á creación dun ambiente proclive á experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa.

#### **Apartado 2: Destinatarios.**

Poderán presentar solicitude aqueles centros que inclúan un club de lectura na programación de actividades da biblioteca escolar ou contén con profesorado que pretenda poñelo en marcha cun grupo de alumnos e alumnas. No club de lectura poderán participar, se fose o caso, membros dos distintos sectores da comunidade escolar.

#### **Apartado 3: Requisitos.**

As solicitudes presentadas deberán reunir os seguintes requisitos:

- Especificación, segundo o modelo que se achega, dos seguintes aspectos: finalidades do club de lectura, actividades programadas, composición e número de participantes aproximado, formas de organización e funcionamento previstos, horario e calendario para a celebración das reunións presenciais, persoa responsable/coordinadora e medios que se utilizarán para a súa difusión.
- Ser unha actividade incluída na Programación Xeral Anual do centro ou, no seu defecto, presentación no Claustro e aprobación por parte do Consello Escolar.

#### **Apartado 4: Dotación orzamentaria.**

Os centros dos que resulte seleccionada a solicitude de club de lectura recibirán unha asignación, destinada á posta en marcha das actividades de fomento da lectura previstas no seu proxecto, por un importe global de 130.000 euros, con cargo á aplicación 09.05.423B.640.5, destinada a programas e actuacións de fomento da lectura, correspondente ao orzamento da consellería para o ano 2010.

Todos os centros elixidos en virtude desta convocatoria recibirán unha contía, que estará en función do número total de solicitudes seleccionadas e que variará de acordo cos criterios establecidos no apartado 6 desta convocatoria.





### **Apartado 5: Solicitudes.**

A solicitude, segundo o modelo recollido no anexo I, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

- Certificación da dirección do centro conforme o proxecto de club de lectura foi presentado ao claustro e aprobado no consello escolar. Cando se trate dun club de lectura que xa ten iniciada a súa actividade, ou que aparece contemplado na Programación Xeral Anual, deberá sinalarse a data de aprobación no consello escolar; de non contar con este requisito, presentarse agora ao consello escolar para a súa aprobación.
- Breve descrición do proxecto de club de lectura, segundo o guión que se inclúe no anexo I de solicitude.

As instancias e demais documentación presentaranse, ata o 30 de outubro de 2010, inclusive, no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro). Paralelamente, enviarase un correo electrónico ao enderezo bibliotecasescolares@edu.xunta.es, dende o enderezo oficial do centro, indicando no asunto “entregada documentación club de lectura”, sen outro detalle.

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos esixidos e se vai acompañada da preceptiva documentación, requírendose en caso contrario ao solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixera, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Calquera alteración que se produza nos datos contidos na solicitude ou na documentación que a acompaña será comunicada polo solicitante á citada dirección xeral.

### **Apartado 6. Criterios de selección.**

Para a selección de clubs de lectura, ademais do cumprimento dos requisitos recollidos no apartado 3, valoraranse cun máximo de 10 puntos os seguintes aspectos:

- Experiencia do club de lectura anterior a esta convocatoria (o que se xustificará mediante breve memoria da súa historia e certificación da dirección do centro. Cando se trate de centros que xa participaron na convocatoria do curso 2009/2010, terase en conta a



valoración acadada pola memoria remitida no seu momento, que non é necesario reenviar). 3 puntos

- Coherencia e calidade das actividades propostas, en función das finalidades previstas. 2 puntos.
- Compromiso do profesorado responsable (que se poñerá de manifesto na descrición da organización e funcionamento previstos). 3 puntos
- Formación recibida en materia de fomento da lectura por parte do profesorado responsable (presentaranse certificacións de cursos, grupos de traballo, seminarios, etc.), 1 punto.
- Implicación do resto do profesorado do centro e apertura a distintos sectores da comunidade educativa. 1 punto

#### **Apartado 7: Comisión de avaliación e resolución.**

Baixo a presidencia do director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- O Subdirector Xeral de Centros.
- O xefe do Servizo de Xestión de Programas Educativos.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Consellería de Educación
- Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaboración na valoración das solicitudes.

Esta comisión, revisados os proxectos presentados, elaborará unha proposta provisional de clubs de lectura seleccionados indicando as cantidades asignadas. Á vista desta proposta da comisión, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolverá a convocatoria.

#### **Apartado 8: memoria final.**

As persoas coordinadoras dos clubs de lectura seleccionados nesta convocatoria de apoio a actividades de fomento da lectura, elaborarán unha breve memoria das actividades levadas a cabo durante o curso 2010/2011, na que se deberán detallar: datos do centro e nome do club de lectura; nº de grupos, no seu caso, e nº aproximado de persoas participantes; calendario de reunións levadas a cabo e horario real no que se realizaron; actividades desenvolvidas; materiais elaborados, se os houbera; enderezo electrónico do blogue do club de lectura, no caso de existir. Esta memoria debería integrarse na Memoria final de curso e ser aprobada polo Consello Escolar.

Presentarase, así mesmo a xustificación dos gastos efectuados segundo anexo II. O prazo para a presentación da xustificación de gasto efectuado, no seu caso, no presente ano orzamentario rematará o 31 de decembro de 2010, sen prexuízo do establecido no artigo 5º, apartado h) do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG do 4 de abril). Xunto coa memoria final,





presentarase unha xustificación completa de todo o gasto efectuado, antes do **10 de xullo de 2011**.

Poderán ser causas de revogación total ou parcial das cantidades asignadas, a non entrega da memoria final, así como a falta de xustificación ou a xustificación incompleta, debendo proceder o centro ao reintegro das cantidades que procedan, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan esixir.

#### **Apartado 9: Formación.**

Os responsables/coordinadores dos clubs de lectura seleccionados poderán ser convocados pola dirección xeral a unha actividade de formación específica durante o curso 2010/2011.

#### **Apartado 10. Seguimento e avaliación**

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos levará a cabo seguimento e avaliación destas actividades de fomento da lectura e difundirá a través do portal educativo e doutros medios ao seu dispor aquelas experiencias que merezan difusión pola calidade e repercusión das súas propostas.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2010  
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

do.: José Manuel Pinal Rodríguez



**Anexo I**

ACTUACIÓN	DOCUMENTO
ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA EN CENTROS PÚBLICOS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA: CLUBS DE LECTURA 2010/2011	SOLICITUDE

*DATOS DO SOLICITANTE*

Nome do Centro		Código	Nº de alumnos/as
Enderezo			
Concello	C.P.	Tfno.	e-mail
<b>Persoa responsable / coordinadora do CLUB DE LECTURA.</b>			
<b>Nome e apelidos:</b>			
<b>e-mail:</b>			
<i>(Sinalar)</i>			
<input type="checkbox"/>	A persoa coordinadora do CLUB DE LECTURA é responsable da biblioteca escolar/integrante do equipo de apoio á biblioteca escolar.		
<input type="checkbox"/>	A persoa coordinadora do CLUB DE LECTURA é profesor/a do Departamento.....		
<p>Don/Dona ....., como director/a do centro, solicita a participación na convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 1 de setembro de 2010, pola que se incentivan CLUBS DE LECTURA como actividade de fomento da lectura para o curso 2010/2011, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. As contías asignadas, no caso de que o proxecto que se presenta resulte seleccionado, <u>dedicaranse integramente a costear as actividades para o fomento da lectura que son propias dun Club de Lectura</u>, así como á súa difusión entre os distintos membros da comunidade escolar.</p> <p style="text-align: right;">En ..... a ..... de ..... de 2010</p> <p style="text-align: right;">Asdo.: .....</p>			

**Documentación que se acompaña**

<input type="checkbox"/>	Proxecto das actuacións previstas (máximo 3 páxinas), no que se faga constar: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nome do Club de Lectura.</li> <li>• Breve historia (no caso de que xa existise en cursos anteriores <u>e non tivese participado na convocatoria anterior</u>; deberá ter o visto e prace da dirección do centro ou acompañarse da oportuna certificación).</li> <li>• Finalidades. Relación co Proxecto Lector de Centro e a Biblioteca Escolar.</li> <li>• Actividades previstas.</li> <li>• Composición e número de participantes aproximado. Implicación doutro profesorado do centro.</li> <li>• <u>Forma de organización e funcionamento.</u></li> <li>• <u>Horario e calendario previsto para as reunións de carácter presencial.</u></li> <li>• Medios previstos para a súa difusión entre a comunidade escolar.</li> </ul>
<input type="checkbox"/>	Certificacións de presentación ao Claustro e aprobación do Consello escolar
<input type="checkbox"/>	Certificados acreditativos das actividades de formación (en materia de fomento da lectura) do profesorado que se responsabiliza da posta en marcha do Club de Lectura, a efectos de consideración no baremo.



*Anexo II*

<i>DOTACIÓN PARA ACTIVIDADES DO CLUB DE LECTURA, ao abeiro da convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 1 de setembro de 2010, pola que se incentiva o funcionamento de Clubs de Lectura en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que acollan ensinanzas de educación secundaria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, no contexto das actuacións para o fomento da lectura en centros escolares. Curso 2010/2011.</i>	<b>XUSTIFICACIÓN DO GASTO</b>
---	-------------------------------

Nome do centro		Código do centro	
Enderezo		Localidade	
Código Postal	Concello	Provincia	Teléfono

**A. INGRESOS**

<b>Cantidade total asignada</b> .....	
<i>A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: o desenvolvemento dun club de lectura, como estratexia para o fomento da lectura na comunidade escolar, durante o curso 2010/2011. As facturas correspondentes arquivaranse no centro.</i>	

**B. GASTOS**

Relación de facturas		
Nº da factura	Provedor	Importe
<b>TOTAL GASTO</b>		

Don/Dona ....., en calidade de presidente/a do Consello Escolar do Centro, **CERTIFICA**:

Que as facturas que se detallan corresponden a gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades de fomento da lectura levada a cabo no centro, denominada CLUB DE LECTURA, e que se detallan na memoria perceptiva.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20...

O/A Presidente/a do Consello Escolar

Asdo.: \_\_\_\_\_